



A DELEGADA DA XUNTA ENXALZA O VALOR CULTURAL, RELIXIOSO, SOCIAL E TURÍSTICO DO BELÉN DE BEGONTE NA PRESENTACIÓN DA SÚA XLIV EDICIÓN

- *Raquel Arias destacou que “esta iniciativa representa un claro exemplo de como da colaboración veciñal e cidadá poden xurdir proxectos que chegan a afianzarse e distinguirse máis alá das fronteiras da nosa comunidade”*
- *Nava Castro, directora da Axencia de Turismo de Galicia, será este ano a pregoeira desta Festa de Interese Turístico e fonte de riqueza para o municipio*

Lugo, 30 de novembro de 2015.- A delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, enxalzou hoxe o papel do belén de Begonte como “referente na suma de valores culturais, relixiosos e sociais, que van máis alá do seu ámbito local e fan del un foco de atracción turística innegable”.

“Esta iniciativa”, explicou Arias esta mañá durante a presentación da XLIV edición do nacemento, “representa un claro exemplo de como da colaboración veciñal e cidadá poden xurdir proxectos que chegan a afianzarse e distinguirse máis alá das fronteiras da nosa comunidade”.

“O belén de Begonte conta co recoñecemento de Festa de Interese Turístico de Galicia desde hai un ano”, dixo, “e figura xa entre as citas imprescindibles cada Nadal para moitas familias e visitantes, constituíndo, en consecuencia, unha fonte de riqueza económica para o municipio”.

Por ese motivo, a delegada considerou “especialmente oportuno” que a pregoeira desta edición sexa a directora da Axencia Turismo de Galicia, Nava Castro, tal e como anunciou.

Raquel Arias manifestou o seu agradecemento a todos os begontinos “por manter vivo o legado do desaparecido José Rodríguez Varela, quen ideou o belén electrónico hai 44 anos, e pola súa desinteresada xenerosidade ao poñelo a disposición de toda a sociedade”. E como novidade, a partir desta edición o belén contará cunha nova figura que representa ao seu fundador.

Dende o vindeiro sábado, 5 de decembro, e ata o día 30 de xaneiro, o centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte, abrirá as súas portas para mostrar ao público as pezas e o movemento dun dos nacementos electrónicos máis recoñecidos de Galicia. Ao redor deste evento cultural, medraron tamén outras iniciativas como son os certames de xornalismo, poesía, pintura e debuxo infantil, que xuntan a creadores procedentes de todos os puntos da xeografía galega.

Como xa vén sendo habitual, a sala de exposicións do edificio administrativo da Xunta acollerá desde finais de decembro os traballos que se presenten ao certame de arte, que poderán ser contemplados por todos os lucenses e visitantes de maneira libre.





Na presentación do belén participaron tamén José Ulla, alcalde de Begonte; Pilar Gómez, viúva do creador; e Xesús Domínguez e Xulio Xiz, presidente e vicepresidente do centro cultural José Domínguez Guizán.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL

